



É baixo o pseudónimo de **Xi Chuan** que Jun Liu se converteu nun dos poetas máis recoñecidos e influentes da China contemporánea. Ensaísta, poeta, tradutor e profesor de Literatura Clásica Chinesa na Academia Central de Belas Artes de Pequín, foi nado na cidade de Xuzhou, provincia de Jiangsu, en 1963.

Tras licenciarse en Literatura Inglesa na Universidade de Pequín, cofunda –en 1988– o xornal poético independente Qingxiang (*Tendencia*), que será prohibido despois de tres edicións. Tamén traballará como editor para outras revistas: en Huangqiu durante oito anos, na independente Xiandai Hanshi (*Poesía Chinesa Moderna*) entre 1990 e 1995, e na actualidade dirixindo Dangdai Gouji Shitan (*Poesía Internacional Contemporánea*).

Ademais de asinar moitos títulos como tradutor (de autores que van dende Ezra Pound a J. L. Borges pasando por Czeslaw Milosz), editor ou autor de ensaios, de crítica ou de investigación, a produción poética de Xi Chuan alcanza basicamente cinco libros de poesía. Ten recibido numerosos premios, entre os que salienta o Premio Poesía Moderna Chinesa en 1994 ou o Premio Nacional Lu Xun en 2001. Ademais, unha serie de bolsas posibilitaron as súas longas saídas ao estranxeiro por varios países, por exemplo como profesor convidado en universidades americanas de Iowa, Nova York ou Victoria (Canadá), entre outras moitas intervencións internacionais. Tamén comisariou, en 2009, a presenza da poesía chinesa na Feira do Libro de Frankfurt.

A canción de non importa

*Que unha mosca se chame “mosca” non importa
Que o seu zunido estea subindo de volume non importa
Que teña unha barriga chea de tinta e mexe de cor azul non importa
Se decidiu ser unha mosca exemplar non importa*

Nin ti nin eu damos un chíó

*Se a mosca marchou voando e alguén quedou no cuarto non importa
Se o pasa ben charlando e rindo coma un descosido non importa
El di que é tan listo que o queren no ceo, así que marcha
Así sexa a persoa máis intelixente do ceo non importa*

Nin ti nin eu damos un chíó

*Pero non é só que nin ti nin eu demos un chíó
tampouco o poste de teléfono de aí fóra e a súa sombra que se despraza
Se un papavento enganhou no poste de teléfono non importa
Se nós estivemos correndo cento oitenta mil millas arredor do poste
[de teléfono non importa]*



(XI
CHUAN)

Luns 7 de outubro
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

Sinicoo
Agencia Literaria



 Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

 Deputación
DA CORUÑA



Oriana Méndez, viguesa do 84, é licenciada en Filoloxía Galega pola USC. Comezou a publicar poesía en revistas culturais coma *A Caramuxa* (do Colectivo Sacou) ou *Mealibra*, en libros colectivos como *Burla Negra*, en proxectos de acción poética como *A revolta das letras* (en Santiago no ano 2009) ou en múltiples recitais. Do mesmo xeito, fixo parte de encontros sobre poesía organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) ou ten colaborado na revista literaria *Protexa* como crítica literaria.

Os libros *Derradeiras conversas co Capitán Kraft* (2007) e *Cero* (2011) constitúen os seus dous traballos individuais publicados. Alén diso, no ano 2003 colaborou no libro colectivo *Xuro que nunca voverei pasar fame*, publicado polo grupo de intervención política e cultural Redes Escarlata. Posteriormente, a súa obra apareceu noutros volumes colectivos como *Letras novas* (2008), *En defensa do Poleiro* (2010) ou *Anthology of Galician literature [1981-2011] - Antoloxía da literatura galega [1981-2011]* (2012).

Oriana Méndez forma parte da asociación cultural *Bou Eva* de Vigo e do consello de redacción d'*O Xornal*, voceiro da Central Unitaria de Traballadores.

*Hai unha bulimia no imperio
un contedor de devezo
pronuncia, fai ferver
o nome das agullas nas pernas
nos estómagos da sede
no corazón defunto
no aire
esta queima que devasta as vértebras
do meu país truncado
Hai tamén hai a clareza do éxodo
as lapas a república
Cómo escalda Europa sobre as chairas
fermentando os lagos
ira contra ira e
abre o seu ollo en améndoa
esta máquina
o pulso da cidade
unha praza para un instrumento
azul, de navalla*



(ORIANA
MÉNDEZ)

Luns 7 de outubro
20:30

ÁGORA
CENTRO CULTURAL
PARA O PROGRESO
SOCIAL

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

